

PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN MUSICAL

CEIP FELICIANO BARRERA

CURSO 2020/21

SARA EDREIRA TARELA

1.ÍNDICE

1.ÍNDICE	2
2.INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	4
Introdución.	4
Contextualización.....	4
O centro.	4
O alumnado.....	5
As familias	6
Situación sociolingüística do alumnado... ..	6
3.CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	7
Vinculación entre as competencias clave e os obxectivos da educación primaria.....	8
4.PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN MUSICAL POR CURSOS	11
Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación.	13
Temporalización.....	37
Concrecións metodolóxicas	38
Materiais e recursos didácticos	38
Avaliación e criterios de cualificación do alumnado.....	39
Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.	41
5.CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO	41
6.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	42
7.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	43
8.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	44
9.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS E PROCESOS DE MELLORA.	46
10.OBXECTIVOS MÍNIMOS EN CASO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL	47
11. APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS NO CURSO 2019- 2020... ..	49
12. PLAN DE RECUPERACIÓN... ..	50
13. MEDIDAS PARA A ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL	50

2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Introdución

A Programación Didáctica de Educación Musical ten como punto de partida o Real Decreto 126/2014 e o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia adaptando as súas propostas ao noso ámbito de actuación e ao noso entorno.

A Programación docente será unha opción flexible e aberta á experimentación, podendo ser modificada e mellorada segundo o resultado da avaliación. A través da súa posta en práctica axustaremos os procesos e comprobaremos a validez e adecuación de cada un dos seus elementos.

Contextualización

O centro

O centro atópase nun val, no núcleo rural de O Casal, lugar da Parroquia de San Xulián de Guláns, pertencente ao Concello de Pontearreas (Pontevedra), a unha distancia de 5 Km da cabeza do municipio e a uns 26 km de Vigo. Dita parroquia conta con uns 718 habitantes (datos 2018), distribuídos en 23 entidades de poboación, nas que a maioría das vivendas son de tipo unifamiliar agrupadas en barrios dispersos.

Polo que respecta ao nivel socioeconómico da poboación de Guláns, pódese considerar de clase media-baixa. A presenza do sector secundario é practicamente inexistente e a maioría dos habitantes traballan no sector primario e terciario, sendo os homes os que fundamentalmente realizan traballos remunerados, mentres que a maioría das mulleres dedícanse ás labores do fogar e ao cultivo dos campos para autoconsumo e, aínda que en menor medida que anos atrás, parte desta produción vai destinada a unha posterior venta no mercado de Pontearreas. Caben destacar no sector primario a existencia das “Canteiras de Couso” e o cultivo de pementos, potenciado coa concesión da denominación de orixe “Pemento de Guláns”.

En canto á situación sociocultural, a parroquia de Guláns conta con diversas instalacións e actividades culturais, entre as que se atopan:

- A Avisoureira: unha casa cultural que conta cunha cafetería, un gran salón de actos,

unha pequena biblioteca, tres ordenadores con acceso a internet, zona de recreo con pistas deportivas, parque infantil, ... Pola cercanía do noso centro e pola calidade das instalacións e o recinto, é habitual que realicemos algunhas actividades do centro nesta casa cultural.

- Banda de Música Unión de Guláns: unha das bandas máis antigas e con maior historia de todo Galicia.
- Escola de música da Banda de Música Unión de Guláns: está autorizada pola Consellería de Educación e asisten moitos dos alumnos/-as do centro.
- Asociación Cultural de Guláns: organiza varias actividades culturais, lúdicas e de formación (bailes de salón, ioga, pilates, actuacións, espectáculos, festas, ...)
- Comunidade de Montes San Cibrán: realiza unha labor de xestión e conservación do medio natural e subvenciona actividades e obras para toda a parroquia.
- Rancho de Reis de Guláns: un grupo que mantén vivo unhas danzas ancestrais típicas da zona sur de Pontevedra que só se bailan nas datas próximas ao Nadal. Varios alumnos/-as do centro pertencen a este grupo.
- Ao longo do ano hai outras asociacións que realizan actividades diversas nas que tamén adoita participar o alumnado do centro (comisións de festas, grupo dos rastrexos, asociación do pemento de Guláns, grupo de catequese, ...)

A vila de Ponteareas atópase a uns 9 km do centro. Alí as familias teñen acceso a biblioteca, museo, actividades culturais, ... O principal problema é que non se dispón dunha rede de transporte público adecuada, polo que moitas familias non teñen un fácil acceso á vila. Este problema existe tamén coa conexión con Vigo, que ten unha maior oferta cultural e está a uns 25 km, pero non tódalas familias dispoñen de coche propio para poder desprazarse ata alí.

O alumnado

Este curso contamos con 107 alumnos/-as procedentes principalmente de Guláns, Cristiñade e Ganade (Parroquia de Areas). En xeral, o alumnado pertence a familias dun nivel socioeconómico e cultural medio-baixo.

En xeral é un alumnado non conflictivo, cun ambiente familiar que se atopa dentro do considerado como normal sen problemáticas graves de risco de exclusión social, alcoholismo, drogodependencia, abandono familiar, ... Existe algún caso concreto que xa conta co apoio dos servizos sociais do Concello.

No centro non hai alumnado doutras nacionalidades. Atopamos algúns pais e nais procedentes doutros países (Portugal e Brasil) e algúns nenos/-as que, aínda que foron adoptados por familias do lugar, proceden tamén doutros países.

O alumnado, en xeral, non presenta grandes desfases entre o seu nivel de coñecemento e a súa idade. Aínda así, aproximadamente un 30% do alumnado está considerados como alumnado con necesidades educativas e precisa dunha especial atención en distintos ámbitos da aprendizaxe.

As familias

As familias están organizadas en torno á ANPA. A ANPA funciona ben e adoita coordinarse de forma moi correcta co centro e coas familias. Tamén adoitan ter propostas interesantes para o alumnado e para o centro. Todo isto redunda en beneficio da boa relación existente entre tódolos membros da comunidade educativa.

As familias adoitan estar sempre dispostas a colaborar co centro en todo o que se lles pide.

En xeral, salvo raras excepcións, preocúpanse pola educación dos seus fillos e fillas, asistindo de maneira periódica ás reunións cos titores, así como ás reunións xerais e ás distintas actividades organizadas polo centro. Ademais sempre colaboran nas actividades que propoñen os distintos equipos de dinamización e os titores e titoras.

Dende o centro mantense coas familias unha comunicación continua e eficaz a través de distintos medios (circulares, teléfono, reunións...).

No que respecta a aquelas familias cunha situación problemática ou delicada, mantense un contacto frecuente cos servizos sociais do Concello de Ponteareas.

Situación sociolingüística do alumnado

Polo que respecta ao alumnado, a pesar de pertencer a un medio rural, a maioría fala castelán. Cada ano vaise perdendo un número maior de galego falantes.

3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Enténdese por competencias as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Xa que logo, as competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, coma nos contextos educativos non formais e informais; conceptualízanse como “un saber facer” que se aplica a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais.

- ✓ Comunicación lingüística (CCL).
- ✓ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- ✓ Competencia dixital (CD).
- ✓ Aprender a aprender (CAA).
- ✓ Competencias sociais e cívicas (CSC).
- ✓ Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- ✓ Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e reconfiguración dos contidos dende un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Enténdese por obxectivos os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

3.1.Vinculación entre as competencias clave e os obxectivos da educación primaria

OBXECTIVOS	COMPETENCIAS CLAVE
a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo,	Competencias sociais e cívicas.
así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender
c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender Comunicación lingüística.
d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Conciencia e expresións culturais
e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.	Comunicación lingüística. Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas.
f) Adquirir, cando menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.	Comunicación lingüística. Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas.

<p>g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.</p>	<p>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</p> <p>Aprender a aprender.</p> <p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p>
<p>h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.</p>	<p>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</p> <p>Aprender a aprender.</p> <p>Sociais e cívicas.</p> <p>Conciencia e expresións culturais.</p>
<p>j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.</p>	<p>Conciencia e expresións culturais.</p> <p>Comunicación lingüística.</p> <p>Dixital.</p>
<p>k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.</p>	<p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p> <p>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</p> <p>Sociais e cívicas.</p>
<p>l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.</p>	<p>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</p> <p>Sociais e cívicas.</p>
<p>m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.</p>	<p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p> <p>Sociais e cívicas.</p> <p>Conciencia e expresións culturais.</p>
<p>n) Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.</p>	<p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p> <p>Sociais e cívicas.</p>

<p>o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, destacando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.</p>	<p>Sociais e cívicas.</p> <p>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</p> <p>Conciencia e expresións culturais.</p>
--	---

4. PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN MUSICAL POR CURSOS

Enténdese por **contidos** o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias.

Enténdese por **criterios de avaliación** o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

Enténdese por **estándares de aprendizaxe** as especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

Os criterios de avaliación relaciónanse directamente cos estándares de aprendizaxe avaliábeis, que non son máis que concrecións dos propios criterios, e eses estándares conéctanse coas competencias clave. Por outra banda, os criterios de avaliación describen o que se pretende lograr en cada disciplina, e, neste sentido, os contidos non son máis que os medios para acadalos.

En cada área os contidos agrúpanse en bloques, o que non supón unha secuencia nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis axeitada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnos e alumnas aos que van dirixidos.

Enténdese por **grao de consecución** o nivel mínimo de adquisición de cada un dos estándares de aprendizaxe e, polo tanto, está directamente relacionado con estes, xa que se trata do seguinte nivel de concreción dos mesmos. Este seguinte nivel de concreción, ven a establecer o grao mínimo de consecución que se esixe para que o alumnado poida superar a materia.

Enténdese por **procedementos de avaliación** o xeito de avaliar, as probas, ferramentas ou instrumentos de avaliación. Existe unha gran variedade de medios para avaliar, que van dende a tradicional proba escrita ata a observación directa, pero ningún deles é completo sen os outros. A elección dos máis apropiados depende en gran medida do tipo de actividade de que se trate. É necesario, por tanto, escoller en cada momento o instrumento de avaliación máis adecuado ás nosas necesidades. Dada a cantidade de elementos de ensinanza a avaliar, os procedementos han de ser ricos e variados, proporcionando información dende distintos puntos de vista. Debido a isto, é necesario recorrer a estratexias educativas que busquen avaliacións de tipo cualitativo e non unicamente cuantitativas.

Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación

- **Bloque 1. A escoita.** Procúrase que o alumnado tome conciencia dos sons que do seu ámbito, así como das posibilidades sonoras dos materiais e dos obxectos do seu contexto. Faise fincapé na audición activa de manifestacións musicais de distintas orixes e no respecto no proceso da audición.
- **Bloque 2. A interpretación musical.** O alumnado é protagonista absoluto neste bloque, cuxo obxectivo é a creación de produtos musicais de diferentes estilos, usando diversas técnicas compositivas e con finalidades distintas. Centrémonos tamén en que o alumnado valore o traballo colaborativo, o respecto cara ás demais persoas e a avaliación con intención de mellorar.
- **Bloque 3. A música, o movemento e a danza.** Este derradeiro bloque está destinado ao desenvolvemento da expresividade e a creatividade do alumnado desde o coñecemento e a práctica da danza. Comézase pola coordinación motriz e a conciencia do desprazamento no espazo, e chégase finalmente ao nivel de creación e expresión de sentimentos co movemento.

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)	CURSO		PRIMEIRO
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave
BLOQUE 1. ESCOITA				
j b	B1.1. Calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade. B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social. B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características. B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva. Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas	B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.	CECC CAA
			EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.	CCEC
			EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.	CCEC
			EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.	CCEC
	características. B1.5. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas e masculinas.		EMB1.1.5. Identifica voces masculinas e femininas.	CD CCEC
j a	B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais.	B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.	EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.	CSC CCEC
			EMB1.2.2. Respecta as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado.	CSC CCEC
j	B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves. B1.9. Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que se desenvolve nelas (dirección, instrumentista e público).	B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.	EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras.	CCEC
			EMB1.3.2. Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público.	CCEC

j e	B1.10. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.	B1.4. Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición.	EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.	CCL CCEC
			EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.	CCL CCEC
j e	B1.11. Elementos da música: tempo e dinámica. B1.12. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada. B1.13. Forma musical: repetición e contraste. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.	B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).	EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra.	CCEC CAA
			EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.	CCEC
			EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.	CD CCEC
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL				
j b	B2.1. Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos. B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.	B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son.	EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.	CCEC CMCCT CAA
			EMB2.1.2. Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.	CSC CAA
j b	B2.3. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación. B2.4. Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.	B2.2. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	EMB2.2.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	CCEC CSC
			EMB2.2.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.	CCEC CAA
			EMB2.2.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración.	CAA

			EMB2.2.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.	CCEC CCL CMCCT
j b	<p>B2.5. Imitación de fórmulas rítmicas e melódicas.</p> <p>B2.6. Lectura e interpretación de partituras breves e sinxelas con grafías non convencionais, e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional.</p> <p>B2.7. Iniciación á notación musical e ás grafías non convencionais como medio de representación da música: pentagrama, clave de sol, colocación das notas no pentagrama, figuras brancas, negras e silencio de negra.</p>	B2.3. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	EMB2.3.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.	CCEC CMCCT
			EMB2.3.2. Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.	CAA CCEC CMCCT
			EMB2.3.3. Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e	CCEC
	<p>B2.8. Utilización da percusión corporal e dos instrumentos de pequena percusión como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.</p> <p>B2.9. Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións,</p>		silencio de negra.	CAA CMCCT
			EMB2.3.4. Elix e combina ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.	CCEC CAA
			EMB2.3.5. Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.	CCEC CAA
cancións e pezas instrumentais.		BLOQUE 3. A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA		
j b a	B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.	B3.1. Realizar pequenas coreografías.	EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.	CCEC CSC
			EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.	CCEC CSC
	B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de		EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.	CCEC

j	secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas. B3.3. Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.	B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	EMB3.2.2. Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.	CCEC
			EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)	CURSO		SEGUNDO
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Com. clave
BLOQUE 1. ESCOITA				
j b	B1.1. As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade. B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social. B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características. B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva. Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características. B1.5. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas, masculinas e infantís. B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.	B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.	CCEC CAA
			EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.	CCEC
			EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.	CCEC
			EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.	CCEC CD
			EMB1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís.	CCEC
j b	B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais.	B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.	EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.	CSC
j d o	B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves, de culturas e de estilos diferentes. B1.9. Audición activa dalgunha peza do repertorio tradicional galego. B1.10. Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que desenvolven (composición, dirección, instrumentista e público).	B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.	EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónas coas súas obras.	CCEC CAA
			EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.	CSC CCEC CAA

j	B1.11. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.	B1.4. Comunicar as sensacións e as	EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.	CCL
e	B1.12. Normas básicas de comportamento en concertos e outras representacións musicais.	impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado.	EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.	CCEC
			EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais.	CCL CCEC
				CSC
j	B1.13. Elementos da música: tempo (adagio, andante e allegro), dinámica e carácter. B1.14. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada. B1.15. Forma musical: repetición e contraste. B1.16. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais. B1.17. Pulso e acento. Compás binario.	B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).	EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.	CCEC CAA
			EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.	CCEC
			EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.	CD CCEC
j	B1.18. As familias de instrumentos: vento, corda e percusión.	B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.	EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.	CCEC
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL				
j	B2.1. Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos. B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.	B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son.	EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.	CMCCT CCEC
			EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.	CSC CAA

j	B2.3. Iniciación á fruta doce. O xilófono e o metalófono.	B2.2. Coñecer e manexar a fruta doce e algún instrumento de aula.	EMB2.2.1. Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa fruta e dos instrumentos da aula.	CCEC CAA
j k	B2.4. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación. B2.5. Imitación de fórmulas melódicas. B2.6. Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.	B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	CCEC CSC
			EMB2.3.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.	CCEC CAA
			EMB2.3.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración.	CAA
			EMB2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.	CCEC CAA CMCCT
j b	B2.7. Imitación de fórmulas rítmicas. B2.8. Lectura e interpretación de partituras sinxelas con grafías non convencionais e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional B2.9. Notación musical e grafías non convencionais como medio de representación da música. Colocación dalgunha nota no pentagrama. B2.10. Utilización da percusión corporal e os instrumentos como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas. B2.11. Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais. B2.12. Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.	B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.	CCEC CMCCT
			EMB2.4.2. Identifica a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.	CCEC
			EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol.	CCEC CAA CMCCT
			EMB2.4.4. Elixe e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.	CCEC CAA
			EMB2.4.5. Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.	CCEC CAA

	B2.13. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos			
mediante o procedemento de pregunta-resposta.				
BLOQUE 3. A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA				
j b d	B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.	B3.1. Realizar pequenas coreografías.	EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.	CCEC CSC
			EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.	CSC
j o	B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas. B3.3. Práctica dalgunha danza tradicional galega. B3.4. Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.	B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.	CCEC
			EMB3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.	CCEC
			EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	TERCEIRO
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Com. clave
BLOQUE 1. ESCOITA				
j d o	B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas, adaptadas á idade do alumnado. B1.2. Asistencia a algunha representación musical. B1.3. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e	B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e	EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.	CCL CCEC
			EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.	CCL CCEC
	das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras. B1.4. Audición de obras musicais de distintas características e procedencias.	doutros culturas.	EMB1.1.3. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	CSC
			EMB1.1.4. Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.	CAA CCEC
j	B1.6. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre. B1.7. Acento e pulso.	B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.	EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.	CCEC CMCCT
j	B1.8. Elementos musicais. Tempo e matices: forte, piano e mezzoforte. B1.9. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así coma das posibles agrupacións vocais e instrumentais (solista, dúo, trío e coro). B1.10. Compases binarios e ternarios.	B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	EMB1.3.1. Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.	CCEC CAA
			EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.	CCEC CAA
			EMB1.4.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.	CCEC CAA

j	B1.11. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias e ternarias.	B1.4. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.	EMB1.4.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura.	CCEC CAA
			EMB1.4.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.	CCEC CAA CCL
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL				
j b	B2.1. Lectura e interpretación de pezas instrumentais e cancións sinxelas de maneira colectiva, con ou sen acompañamento, con distintos tipos de grafías. B2.2. Frauta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións. B2.3. Iniciación aos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas. B2.4. Rexistro da música creada na aula mediante gravacións para a súa escoita posterior e a súa valoración. B2.5. Dobre barra e DC. B2.6. Ditados rítmicos con grafías de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios. B2.7. Ditados melódicos sinxelos.	B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.	EMB2.1.1. Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.	CCEC CAA
			EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.	CCEC CAA CMCCT
			EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.	CCEC CSC
			EMB2.1.4. Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar.	CAA
j b	B2.8. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas. B2.9. Creación guiada de pezas musicais sinxelas a partir de elementos dadas.	B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal.	EMB2.2.1. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados.	CAA CCEC CSIEE
			EMB2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	CSC

j d	B2.10. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito. B2.11. Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. B2.12. Construción dun instrumento.	B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.	CAA CD CCEC
	EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.		CCEC CAA	
jflOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA				
j	B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal. B3.2. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.	B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.	EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	CCEC CAA
			EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	CCEC CAA CMCCT
j d o	B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva. B3.4. Iniciación á interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.	EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	CCEC CSC
			EMB3.2.2. Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	CCEC CSC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO		CUARTO
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe		Com. Clave
BLOQUE 1. ESCOITA					
j d o	B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de distintos estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado. B1.2. Asistencia a representacións musicais e comentario posterior. B1.3. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.	B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras culturas.	EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.		CCL CCEC
			EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.		CCL CCEC
			EMB1.1.3. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.		CSC
	B1.4. Audición e análise de obras musicais de distintas características e procedencias.		EMB1.1.4. Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia.		CCEC CAA
j	B1.5. Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas B1.6. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre. B1.7. Acento e pulso.	B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.	EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.		CCL CCEC
j	B1.8. Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores). B1.9. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así como as posibles agrupacións vocais e instrumentais (dúo, trío, cuarteto, orquestra e banda). B1.10. Compases de 2/4, 3/4 e 4/4.	B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.		CAA CCEC
			EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.		CCL CCEC
			EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados.		CCEC CMCCT

j d o	B1.11. Instrumentos: clasificación tradicional (vento, vento-madeira, vento-metal, corda percutida, friccionada e punteada, e percusión determinada e indeterminada). B1.12. Instrumentos da orquestra: achegamento á súa colocación. B1.13. Instrumentos da cultura galega e doutras culturas.	B1.4. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas.	EMB1.4.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.	CAA CCEC
			EMB1.4.2. Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión.	CAA CCEC
			EMB1.4.3. Procura información, organiza e presenta sobre a música e os instrumentos doutras culturas.	CCEC CAA CSIEE CD
j	B1.14. Recoñecemento e identificación das partes	B1.5. Utilizar recursos	EMB1.5.1. Establece unha relación entre o que escoita e representa nun musicograma ou nunha partitura sinxela.	CAA
i	dunha peza musical. Formas musicais binarias, ternarias e rondó. B1.15. Uso de aplicacións informáticas educativas sinxelas para a análise e a produción musical.	gráficos durante a audición dunha peza musical, así como rexistros e aplicacións informáticas para a análise e a produción musical.	EMB1.5.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela e representa graficamente a súa estrutura.	CCEC
			EMB1.5.3. Representa graficamente, con linguaxe musical convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.	CAA CCEC
			EMB1.5.4. Utiliza aplicacións informáticas para representar ou realizar tarefas de análise e produción musical.	CAA CCEC
				CCEC CD
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL				
	B2.1. Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frauta doce: dixitación da escala de do sen alteracións. B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas.	B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario	EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.	CCEC CAA
			EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.	CCEC CAA

j b	B2.3. Rexistro gravado da interpretación feita e posterior análise e comentario. B2.4. Coordinación e sincronización individual e colectiva na interpretación: simultaneidade, sucesión e alternancia. B2.5. Ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea e os seus silencios en compases binarios e ternarios. B2.6. Ditados melódico-rítmicos sinxelos.	ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, así como valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.	EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.	CCEC CAA CSC
			EMB2.1.4. Analiza a interpretación e valora o resultado, amosando interese por mellorar.	CAA CSC
j	B2.7. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas.	B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e	EMB2.2.1. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados	CAA
b	B2.8. Creación de pequenas melodías e acompañamentos sinxelos de melodías dadas.	combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio, individual ou grupal.	previamente, coñecidos e manexados.	CCEC
			EMB2.2.2. Aмосa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	CSC
j d	B2.9. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito. B2.10. Sonorización de imaxes, vídeos ou representacións dramáticas usando distintos materiais instrumentais e dispositivos electrónicos. B2.11. Invención e construción dun instrumento.	B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais, dispositivos electrónicos e recursos informáticos para crear pezas musicais sinxelas para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.	CD CAA CSIEE
			EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.	CCEC CAA CSIEE
BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA				
	B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.	B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que	EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social.	CCEC

j	B3.2. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.	ofrecen a expresión corporal e a danza.	EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	CCEC CAA CMCCT
j b o	B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva. B3.4. Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.	EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	CCEC CAA
			EMB3.2.2. Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.	CAA CCL CCEC
			EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	CCEC CSC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)	CURSO		QUINTO
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Com. clave
BLOQUE 1. ESCOITA				
j a	B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado. B1.2. Asistencia a representacións musicais.	B1.1. escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior.	EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.	CCL CCEC
			EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.	CCL CCEC
			EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras.	CSC
			EMB1.1.4. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	CSC
j h	B1.3. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre. B1.4. Acento e pulso.	B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.	EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.	CCEC CCL
j	B1.5. Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores). B1.6. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así como as posibles agrupacións vocais e	B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe	EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.	CCEC CAA CCL
			EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade	CCEC

	corais. B1.7. Compases de 2/4, 3/4 e 4/4.	musical convencional que as compoñen.	e intensidade tras a escoita de obras musicais.	CAA CCL
			EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados.	CCEC CMCCT
			EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.	CCEC
j i	B1.8. Elaboración dun proxecto de difusión da cultura musical.	B1.4. Procurar e seleccionar información co fin de planificar e organizar visitas culturais e a asistencia a espectáculos, festas, accións na rúa, festivais e concertos, así como intercambiar esa información co fin de contribuír á formación e á satisfacción persoal e colectiva, e encher o tempo de lecer.	EMB1.4.1. Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico.	CAA CD CSIEE
			EMB1.4.2. Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas.	CAA CSIEE CSC
			EMB1.4.3. Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes.	CIEE CCL CD
j d	B1.9. Instrumentos: clasificación técnica segundo a produción do son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos). B1.10. Agrupacións instrumentais (orquestra, banda, tuna etc.). B1.11. Instrumentos doutras culturas.	B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.	EMB1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.	CCEC CAA
			EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).	CCEC CAA CCL
			EMB1.5.3. Procura información, organízala e preséntala sobre a música e os instrumentos doutras culturas.	CCEC CAA

j	<p>B1.12. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias, ternarias e rondó.</p> <p>B1.13. Melodías con cambios de compás.</p>	<p>B1.6. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.</p>	<p>EMB1.6.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.</p>	<p>CCEC CAA</p>
			<p>EMB1.6.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura.</p>	<p>CCEC CMCCT CAA</p>
			<p>EMB1.6.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.</p>	<p>CCEC CAA</p>
j d	<p>B1.14. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.</p> <p>B1.15. Investigación de campo sobre a música do seu concello en relación coa maneira de vivir dos seus devanceiros e das súas devanceiras.</p>	<p>B1.7. Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música.</p>	<p>EMB1.7.1. Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia.</p>	<p>CCEC</p>
			<p>EMB1.7.2. Expón a información recollida de xeito ordenado, e achega evidencias do traballo realizado.</p>	<p>CCL CD</p>
<p>BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL</p>				
j b	<p>B2.1. Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono e canons, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Fruta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións.</p> <p>B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff e/ou percusión determinada ou indeterminada en acompañamentos de cancións e melodías relacionadas coa cultura galega e con outras culturas.</p> <p>B2.3. Gravación e rexistro da interpretación.</p> <p>B2.4. Ditados rítmicos con figuras de negra, branca,</p>	<p>B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.</p>	<p>EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.</p>	<p>CCEC CAA</p>
			<p>EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos.</p>	<p>CCEC CAA</p>
			<p>EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento</p>	<p>CCEC CAA</p>
			<p>EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e</p>	<p>CAA</p>

	redonda e corchea, e os seus silencios en compases binarios, ternarios e cuaternarios.		esfuerzo por mellorar	
j b	B2.6. Creación de pequenas melodías e acompañamentos sinxelos de melodías dadas. B2.7. Proxecto: concerto ou musical.	B2.2. Participar en producións musicais sinxelas de xeito desinhibido e pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración.	EMB2.2.1. Crea e representa mediante grafías convencionais e non convencionais os sons dunha obra musical sinxela, creada, individualmente ou en grupos no contexto da aula.	CCEC CAA
			EMB2.2.2. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados.	CCEC CAA
			EMB2.2.3. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	CSC
			EMB2.2.4. Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura.	CCEC CAA
j i	B2.8. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito. B2.9. Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. B2.10. Invención e construción dun instrumento. B2.11. Exploración da morfoloxía de diferentes instrumentos musicais amosando interese polo seu coidado.	B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos.	CCEC CD CAA
			EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.	CCEC CAA
BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA				
j b	B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal. B3.2. Creación de pequenas coreografías para obras	B3.1. Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en	EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	CCEC CSC

	musicais breves e de estrutura sinxela.	coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de xeito lúdico.	EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	CCEC CAA CMCCT
j b o	B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva. B3.4. Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.	EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	CCEC CMCCT
			EMB3.2.2. Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.	CCEC CSC
			EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	CCEC CSC
j b	B3.5. Proxecto: certame de danza.	B3.3. Improvisar en grupo danzas e movementos rítmicos sobre temas fixados con anterioridade ou con sons extraídos do contexto, expresando sentimentos e sensacións, e explicar con claridade as decisións tomadas ao longo do proceso de creación, as dificultades atopadas e as solucións adoptadas.	EMB3.3.1. Planifica a coreografía de acordo coa estrutura musical dada.	CSIEE CAA CMCCT
			EMB3.3.2. Colabora co grupo en coordinación e con respecto cara ás demais persoas.	CSC
			EMB3.3.3. Expón as valoracións e as informacións recollidas ao longo do proceso de creación.	CCL
			EMB3.3.4. Aмосa interese por mellorar o produto final, e fai unha avaliación crítica do resultado.	CAA

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)	CURSO		SEXTO
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Com. clave
BLOQUE 1. ESCOITA				
j b e	B1.1. Audición de música contemporánea, e investigación e valoración das posibilidades do son. B1.2. Identificación e apreciación das calidades dos sons do contexto.	B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.	EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso.	CCEC CCL CAA
b e o	B1.3. Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas. B1.4. Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo), instrumentos, variacións e contrastes de velocidade. B1.5. Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente a galega.	B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas. EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilizaas como marco de referencia para as creacións propias.	CCEC CAA CCL CSIEE CAA CCEC
h a d	B1.6. Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas. B1.7. Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a representacións musicais. B1.8. Indagación sobre as normas que regulan a propiedade intelectual. Valoración e presentación dos resultados.	B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical, valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión, e do respecto co que deben afrontar as audicións e as representacións.	EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. EMB1.3.2. Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais.	CSC CCEC CSC CCEC

BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN INSTRUMENTAL				
j e	B2.1. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz.	B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo,	EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreaas.	CCEC CAA
k		partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.		CCL
j b d/a	B2.2. Interpretación de pezas con instrumentos de aula e/ou fruta doce.	B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección.	EMB2.2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais.	CCEC CAA
	B2.3. Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces, desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Canon.		EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.	CCEC
	B2.4. Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais, e rexistros da voz.		EMB2.2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.	CCEC
	B2.5. Utilización das grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.		EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento	CAA CCEC
	B2.6. Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores.		EMB2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.	CAA CCEC
	B2.7. Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final.		EMB2.2.6. Aмосa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	CSC
	B2.8. Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as achegas das demais persoas do grupo.		EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corraxilos.	CAA
i j	B2.9. Creación de mensaxes musicais con contido expresivo, combinando elementos sonoros e corporais diversos.	B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e	EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.	CCEC CAA CD

	B2.10. Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información, en soporte impreso e dixital, sobre instrumentos, compositores/as,	dispositivos electrónicos.	EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.	CAA CD
	intérpretes e eventos musicais de interese. B2.11. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para comunicar. Creación de cuñas radiofónicas e videoanuncios.		EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.	CCL CD CCEC
BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA				
j b h/d o	B3.1. Identificación do corpo como instrumento. Indagación e valoración sobre as posibilidades expresivas e comunicativas do corpo en distintas representacións artísticas ou situacións cotiás. B3.2. Valoración e recoñecemento das danzas e a súa contribución ao noso patrimonio artístico e cultural. B3.3. Interpretación de danzas coidando a coordinación individual e colectiva. B3.4. Invención de coreografías sinxelas para cancións e pezas musicais de diferentes estilos. B3.5. Gravación e rexistro das danzas interpretadas. Análise de valoración do produto.	B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social.	EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	CAA CCEC
			EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	CCEC
			EMB3.1.3. Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.	CCEC
			EMB3.1.4. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras.	CSC CCEC
			EMB3.1.5. Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal.	CAA CCEC
			EMB3.1.6. Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto.	CAA
			EMB3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas.	CAA CSC

			EMB3.1.8. Aмосa respecto polas demais persoas e colaboración con elas.	CSC
--	--	--	--	-----

Temporalización

Para esta materia non se realiza a principio de curso unha temporalización pechada que faga corresponder cada un dos contidos a tratar cunha das semanas lectivas do curso. Os contidos iranse traballando en función dos intereses do alumnado e das necesidades que o docente vaia percibindo no grupo – clase. O que si se ten en conta son unha serie de actividades arredor das conmemoracións e festas anuais que incidirán na distribución temporal das unidades didácticas.

O papel do docente será ir dirixindo e redireccionando as inquiredanzas dos discentes, ilas adaptando ao currículo e asegurarse da adquisición de cada unha das competencias e do tratamento de cada un dos distintos contidos do curso.

A través deste documento, o docente poderá rexistrar, de forma diaria e sistemática, o traballo realizado e as aprendizaxes adquiridas. Deste xeito, a temporalización irase realizando de xeito semanal ou quincenal. Así, asegurámonos de que o aprendizaxe é o máis significativo posible para o alumnado, xa que a temporalización vaise creando en función dos seus propios intereses, das aprendizaxes que xa teñen adquiridas e das necesidades do grupo, tendo sempre en conta as esixencias do currículo. No mes de setembro realizaranse actividades de repaso e reforzo, así como as avaliacións iniciais.

O punto de partida do primeiro trimestre céntrase na reflexión sobre o son do contorno e as súas calidades; trátase tamén a voz como instrumento musical e as súas posibilidades expresivas e variedade de actividades vinculadas coa expresión corporal, interpretacións vocais e instrumentais. No ámbito da cultura musical, preséntanse varios instrumentos diferentes e se traballan a audición e a identificación.

No segundo trimestre, o traballo musical aborda o tratamento de elementos musicais, de modos específicos de representación do son e da música e a creación musical. Nas actividades relacionadas coa danza e o movemento, abórdase o traballo de exploración do

propio corpo como instrumento de expresión.

O terceiro trimestre propóñense avances notables en actividades relacionadas coa interpretación instrumental, na que se pretende que o alumnado sexa capaz de identificar as notas de forma fluída e que interpreten melodías e ritmos con diferentes fórmulas.

Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía que se vai empregar será fundamentalmente práctica e procurará unha aprendizaxe significativa, dándolle ao labor didáctico un enfoque globalizador, e na medida das posibilidades lúdico e motivador. Poñeremos especial atención nun trato individualizado, respectando as peculiaridades de cada neno/a, atendendo aos seus ritmos de aprendizaxe e aos seus intereses persoais, e promoveremos unha educación inclusiva..

Proporase actividades musicais variadas: movemento e danza, instrumentos musicais, audicións, interpretacións rítmicas, ecos e obstinatos, discriminacións auditivas, etc.

Promoveremos un enfoque interdisciplinar das materias e unha aprendizaxe activa, na que o alumno sexa quen de construír a súa propia aprendizaxe, que se desenvolverá nun ambiente que promoverá o traballo cooperativo, fomentando a aprendizaxe entre iguais.

Na medida das posibilidades se empregarán recursos da rede e as achegas que as TIC fan ao mundo escolar, conscientes de que ese será o mundo no que se moverán os nosos alumnos. Daquela tentaremos desenvolver un espírito crítico con respecto delas, explotando as súas posibilidades pero facendo un uso axeitado e seguro das mesmas.

Materiais e recursos didácticos

Instrumentarium Orff: instrumentos de placas (xilófonos, metalófonos e carillóns), parche (pandeiro, pandeireta, timbal, bombo...) e pequena percusión (metal [triángulo, campá, crótalos] madeira [claves, caixa chinesa] e de sonaxas [maracas, axóuxeres...]. Teclado musical Yamaha PSR-290. Láminas de aula. Computador portátil. Equipo de música. Encerado.

Avaliación e criterios de cualificación do alumnado

A finalidade principal da **avaliación** é obter a información que permita adecuar o proceso de ensinanza ao progreso real na construción de aprendizaxes do alumnado. Á hora de avaliar, é necesario considerar a existencia ou non dunha madurez persoal que lle permita ó discente afrontar estudos posteriores. A avaliación polo tanto, non se refire só aos conceptos aprendidos, senón que deberá basearse na aptitude, na comprensión e aplicación do aprendido en situacións de práctica.

Ademais disto, débense ter en conta os tres tipos de avaliación dos que dispoñemos:

- ✓ **Avaliación inicial ou diagnóstica:** é a que nos di se o alumnado domina realmente os contidos que teñen carácter previo respecto a unha nova aprendizaxe. Isto é o único que garante a aprendizaxe significativa.
- ✓ **Avaliación formativa ou continua:** prodúcese ao longo do desenvolvemento da materia e implica a detección de como cada alumno/a se sitúa na actividade escolar.
- ✓ **Avaliación final ou sumativa:** baseada no aprendido a partir da avaliación inicial.

Deste xeito o proceso de avaliación ten maior fiabilidade que cunha única avaliación final, xa que partimos dun punto coñecido e podemos comprobar as melloras experimentadas polo alumnado ao longo da aprendizaxe a partir dos seus coñecementos previos. Así, se o suxeito posúe xa os mínimos esixidos na materia faise necesario deseñar unha actuación con actividades de ampliación sobre o programa previsto. En resumo, que á hora de avaliar ten que contar máis o que se aprende que o que se sabe, é dicir, que se debe considerar a consecución dos obxectivos partindo das capacidades.

O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os **criterios de avaliación** e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliáveis e no grao de consecución dos mesmos. No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración tódolos elementos do currículo, entre eles os procedementos e instrumentos de avaliación, así como os **criterios de cualificación** que permitan avaliar tanto os resultados de materia como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- ✓ Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- ✓ Suficiente: 5.
- ✓ Ben: 6.
- ✓ Notable: 7 ou 8.
- ✓ Sobresaliente: 9 ou 10.

Os criterios para a cualificación baséanse nas seguintes porcentaxes:

- ✓ Habilidades e destrezas musicais 50 %
 - Escoita 10 %
 - Práctica instrumental 20 %
 - Movemento e danza 20 %
- ✓ Traballo diario 20%
- ✓ Actitude e participación 30%

Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

Como primeiro paso se analizarán as actas finais do curso anterior do grupo de alumnos e os informes individualizados dos mesmos. A comezo do curso se realizarán probas no marco da primeira quincena de clases, durante o mes de setembro, para avaliar o estado dos coñecementos do alumnado e marcarnos o punto de partida do noso traballo. Estas probas se farán tendo en conta os estándares do curso anterior.

Os instrumentos de avaliación serán fundamentalmente listaxes de control e listas de verificación, e a análise da actividade desenvolvida na aula.

Recollidos os datos da avaliación inicial se determinarán aqueles estándares que requiran dun tratamento máis intenso de cara a garantir un aproveitamento axeitado do curso.

5.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Os criterios de promoción entre cursos e ao final de etapa serán os seguintes:

O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado, ou os obxectivos da etapa, e que acadou o grao de adquisición necesario das competencias correspondentes.

Tomaranse como referencia as seguintes consideracións:

O alumno ou alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que:

- ✓ Non teña máis de tres materias con cualificación de insuficiente.
- ✓ Non teña cualificación de insuficiente nunha das linguas cooficiais e matemáticas.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado. Poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polo centro de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

6. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Empregaremos ao remate do proceso a seguinte táboa para valorar o proceso de ensino e a práctica docente:

	1	2	3	4
Deseño distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada un dos obxectivos				
Motivo aos meus alumnos comunicándolles os obxectivos que quero acadar e a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos.				
Relaciono os contidos con situacións reais, informándoos da utilidade e creando expectativas				
Emprego metodoloxías que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumno e que teña en conta os seus intereses				
Propoño actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma				
Cando comezamos unha actividade nova, os alumnos/-as coñecen os obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as diferentes actividades a realizar e como se lles vai avaliar.				
As actividades que propoño están relacionadas con situacións da vida real.				
En función das características de cada alumno suscito tarefas e logros diferentes.				
Propoño metodoloxías diversas.				

Tamén valoraremos aspectos organizativos sobre o emprego de materiais e distribución do grupo clase

Como organizo o grupo clase (expresado en porcentaxe de tempo)		%
	Traballo individual	
	Parellas	
	Pequeno grupo	
Gran grupo		
Emprego recursos e materiais variados para a aprendizaxe		

7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Entendemos a atención á diversidade como un conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. A detección de necesidades realízase en función da información de cursos anteriores, os informes facilitados por todos os mestres e as conclusións das avaliacións iniciais.

A nosa práctica educativa, en canto a atención á diversidade, vaise rexer polos seguintes principios:

- Normalización e inclusión.
- Equidade.
- Igualdade de oportunidades e non discriminación.
- Flexibilidade e accesibilidade.
- Interculturalidade e promocionada convivencia.
- Autonomía dos centros.
- Participación de toda a comunidade educativa.

Poderá sufrir modificacións ao longo do curso en función das necesidades que se vaian detectando.

8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro de 2020: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2020: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2020: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2020: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 30 de xaneiro de 2021: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2021: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2021: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 8 ao 12 de marzo de 2021: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2021: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 19 e o 23 de abril de 2021: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2021: Día Internacional contra o Acoso Escolar.

- 9 de maio de 2021: Día de Europa.
- Do 10 ao 14 de maio de 2021: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2021: Día Mundial do Medio Ambiente.

Ademais, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, realizaranse actividades específicas próximas ás datas de celebración internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais.

Ademais destas tamén se realizarán:

- ☛ Saídas ao contorno máis próximo ao centro.
- ☛ Celebracións comúns do centro, respectando o protocolo COVID:
 - Outubro de 2021: Festa de Magosto e Samaín.
 - Decembro de 2021: Festival de Nadal.
 - Febreiro de 2021: Entroido
 - Xuño de 2021: Festival de Fin de Curso.

9. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS E PROCESOS DE MELLORA

Valoraremos a adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación á realidade do alumnado. Comprobaremos se as avaliacións das materias inclúen o grao de desenvolvemento das competencias básicas, se a metodoloxía empregada é coherente cos obxectivos previstos, se se aplicaron as medidas de atención á diversidade de forma axeitada, e se as aprendizaxes do alumnado con relación ao previsto están axustadas. Comprobaremos se o grao de desenvolvemento das programacións docentes foi suficiente e se a coordinación entre o profesorado cumpre as expectativas iniciais. Con todos estes datos poderemos avaliar globalmente todo o proceso

Para valorar a nosa propia programación e acometer as reformas necesarias co fin de melloralas, usaremos como ferramenta esta lista de valoración:

ASPECTOS DA REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN	1	2	3	4
Organizáronse os estándares en relación ás distintas unidades de programación.				
Definíronse axeitadamente os indicadores de logro dos estándares.				
Determináronse os estándares imprescindibles.				
Están correctamente asociados estándares, instrumentos de avaliación e indicadores de logro.				
Deseñouse a avaliación inicial e definiuse que facer cos seus resultados.				
Medidas de atención á diversidade: Tivéronse en conta medidas xerais de intervención educativa.				
Contempláronse medidas para o alumnado con NEAE.				
Fíxose unha AC no caso de estar autorizada.				
Atendeuse axeitadamente ao alumnado con sobredotación.				
Definíronse programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación vinculados aos estándares.				
Avaliouse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.				
Hai estratexias de promoción da lectura e da escritura.				
Hai estratexias para inserir as TIC no proceso de ensino.				
Aplicase a metodoloxía didáctica acordada.				
As tarefas están vinculadas a situacións reais, significativas e motivadoras para o alumnado.				
Cada instrumento de avaliación relaciónase cos estándares de aprendizaxe.				
Hai procedementos e instrumentos de avaliación variados.				

Os estándares imprescindibles están identificados.				
Infórmase ás familias e ao alumnado de estándares e criterios de cualificación.				
Análise dos resultados das avaliacións individualizadas.				
Coordinación entre o equipo didáctico.				
Coordinación do profesorado a nivel vertical: outros cursos e etapas.				
Tratamento preciso dos temas transversais.				
Actividades extraescolares e complementarias.				

10.OBXECTIVOS MÍNIMOS EN CASO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

OBXECTIVOS MÍNIMOS EN CASO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL
MÚSICA 1º EDUCACIÓN PRIMARIA
Repetir esquemas rítmicos escoitados.
Interpretar individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas
Ler e interpretar con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.
Identificar e utilizar o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.
MÚSICA 2º EDUCACIÓN PRIMARIA
Repita esquemas rítmicos escoitados.
Interpretar individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.
Ler e interpretar con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.
Identificar e utilizar o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.
MÚSICA 3º EDUCACIÓN PRIMARIA
Utilizar de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.
Interpretar pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.

Identificar e utilizar o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.

Identificar, reproducir e gozar interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

MÚSICA 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

Coñecer e utilizar a linguaxe musical para a interpretación de obras.

Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.

Identificar e utilizar o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social.

Reproducir e gozar interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

MÚSICA 5º EDUCACIÓN PRIMARIA

Coñecer e utilizar a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.

Interpretar pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.

Identificar e utilizar o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.

Reproducir e gozar interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

MÚSICA 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

Utilizar a linguaxe musical para a interpretación de obras.

Interpretar pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.

Coñecer e interpretar cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valorar a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.

Identificar o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.

11. APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS NO CURSO 2019-2020

En xeral, cumpríronse a maioría dos obxectivos programados até o 2º trimestre.

No confinamento as aprendizaxes foron moi limitadas e escasas, xa que cantidade de actividades, xogos e cancións foron moi inferiores ás realizadas nas aulas e a participación do alumnado foi moi irregular debido á situación das familias, medios de conexión, dispoñibilidade, etc. Tamén desde as titorías e desde o equipo directivo pediuse que os especialistas non mandaran tantas actividades porque ao alumnado xa lles custaba realizar as tarefas das materias troncais e de maior peso lectivo. Aínda así, o grao de desenvolvemento da programación foi aceptable.

12. PLAN DE RECUPERACIÓN

Reforzarse con actividades que permitan consolidar os coñecementos dos contidos, exercicios do tipo de observación, repetición, memorización e interpretación. Actividades de carácter auditivo (recoñecemento de sons do entorno, distintas voces femininas, masculinas, infantís), xogos rítmicos cas figuras dadas, xogos de movemento, rítmicos, propostas de cancións, pequenas coreografías e cancións.

13. MEDIDAS PARA A ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

Actuacións iniciais para preparar o posible período de actividade lectiva non presencial

No principio do curso levarase a cabo as seguintes actuacións:

- ✓ Farase unha enquisa ás familias para poder **identificar ao alumnado que teña dificultades de conexión** ou falla de equipamento. Solicitarase que a Consellería e o Concello adopten as medidas oportunas que minimicen para as familias máis desfavorecidas as dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
- ✓ Porase en funcionamento a **aula virtual**.
- ✓ Todo o profesorado do centro recibirá unha **formación** básica que lle permita empregar as aulas virtuais e dixital.
- ✓ A formación do profesorado verase reforzada por dous cursos que se impartirán durante os meses de setembro e outubro

dende o CFR de Vigo mediante a nosa aula virtual dentro do PFPP que desenvolveremos durante este curso.

- ✓ O profesorado **formará ao alumnado** de 3º, 4º, 5º e 6º para que poida acceder de forma autónoma á aula virtual e para que poida realizar as accións máis básicas e necesarias (subir arquivos, descargar arquivos, acceder aos enlaces...).
- ✓ O profesorado dará unha formación básica no emprego dos ordenadores e tablets ao alumnado de 1º e 2º para que poidan realizar as accións máis básicas (manexar o rato e o teclado, abrir un arquivo, abrir internet, abrir un programa...).
- ✓ O equipo de dinamización das TICs porá toda a información na páxina do centro para **informar e formar ás familias** sobre o funcionamento das aulas virtuais e do Abalarmóbil (documentos explicativos, vídeos tutoriais...). Enviaranse os enlaces a esta información a través das habituais canles de comunicación coas familias.

Período de actividade lectiva non presencial

No caso de suspenderse a actividade lectiva presencial, están previstas as seguintes medidas:

- ✓ O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
- ✓ As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en adiante e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería.
- ✓ Para o alumnado de Infantil, 1º e 2º tamén se traballará a través das aulas virtuais, procurando que o acceso ás tarefas sexa o máis sinxelo posible.
- ✓ Ademais das aulas virtuais, habilitaranse fórmulas de comunicación como foros ou vídeo chamadas para manter contacto coas familias e fornecer contidos educativos para infantil, 1º e 2º de primaria.
- ✓ No caso do alumnado no que non sexa posible o uso da aula virtual, arbitrase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia. Dito modo alternativo quedará recollido na programación didáctica e procurárase realizar unha proba do seu correcto funcionamento durante o tempo que asiste o seu

alumnado ao centro. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión. En todo caso, durante o período de suspensión da actividade lectiva presencial, o profesorado procurará cumprir sempre coas seguintes premisas:

- ✓ Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia. CEIP Feliciano Barrera Plan de Continxencia Curso 2020-2021 8
- ✓ Actualizar diariamente as aulas virtuais dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.
- ✓ Programar tarefas que non supoñan unha carga de traballo excesiva para o alumnado e para as súas familias.
- ✓ Programar tarefas das distintas materias atendendo á carga horaria de cada unha delas e procurando que os tempos de traballo do alumnado non se excedan das horas establecidas.
- ✓ Programar distintos tipos de tarefas e en distintos soportes (cadernos, libros, ordenador, vídeo, vídeo chamadas ...).
- ✓ Revisar o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.